

## Macromagnitudes das Administracións Públicas COMUNICADO

---

### INCREMENTO DO 5,3% NOS ORZAMENTOS DA XUNTA NO ANO 2004 CON RESPECTO A 2003

#### **Os orzamentos da Xunta para 2004 ascenderon a 7.907 millóns de euros**

As liquidacións orzamentarias da Xunta de Galicia no ano 2002 ascenderon a 7.222 millóns de euros de ingresos e a 7.150 millóns de euros no apartado de gastos, o que supón un incremento con respecto ó ano 2001 do 53,9% dos ingresos e do 46,8% dos gastos. Nos ingresos, a maior partida corresponde ás transferencias correntes, que cun valor de 3.536 millóns de euros, representa o 49,0% do ingreso total. Nos gastos destacan tamén as transferencias correntes que corresponden ó 49,3% do gasto total liquidado no ano 2002.

En canto ós orzamentos para o ano 2004, ascenderon a 7.907 millóns de euros, un 5,3% superiores ós correspondentes ó ano 2003. Os ingresos correntes constituíron o 87,5% do total de ingresos do ano 2004, mentres que no ano 2003 acadaron o 85,2%, e no apartado dos gastos previstos, a maior parte estivo destinada a transferencias correntes, en concreto un 48,6% da cantidade total orzamentada, seguida dos gastos de persoal, cun 19,1% do total.

#### **O 88,0% do volume de ingresos e gastos dos Organismos Autónomos galegos correspondeu ó Sergas**

A suma dos orzamentos do conxunto dos Organismos Autónomos de Galicia para o ano 2004 ascendeu a 2.828 millóns de euros, un 7,6% superior á do ano 2003. O Servizo Galego de Saúde (Sergas) é o que, cun orzamento de 2.490 millóns de euros, representou a maior parte dos ingresos e gastos deste total.

#### **As universidades galegas prevén para o ano 2004 unhas cifras de 399 millóns de euros**

Das tres universidades galegas, a de Santiago cifrou as súas previsións de gastos e ingresos para o ano 2004 en 187 millóns de euros, un 2,3% superiores ás do ano 2003, mentres que a de Vigo en 119 millóns de euros (14,5% superiores ás do ano anterior) e a da Coruña en 93 millóns de euros (10,2% superiores ás do ano 2003).

## **A Administración do Estado en Galicia diminúe en 2002 os seus gastos de funcionamento**

Os chamados “gastos de funcionamento” dos servizos, constituídos polos gastos de persoal e gastos en bens correntes e servizos (capítulos I e II de gastos) no ano 2002 para a Administración do Estado en Galicia ascenderon a 413 millóns de euros, un 10,0% inferiores ós do ano 2001.

## **Nas cifras da Administración Local, os concellos constitúen o 79% dos orzamentos e as Deputacións provinciais o 21% restante**

As cifras dos orzamentos das Administracións Locais en Galicia revelan que dos 1.926 millóns de euros orzamentados para o ano 2002, o 79,4% (1.530 millóns de euros) corresponden ós orzamentos dos concellos e 396 millóns de euros ás Deputacións provinciais. Na comparación anual, incrementouse o orzamento local nun 10,0% con respecto ó ano 2001.

En canto ós resultados das liquidacións de orzamentos do ano 2001, a Administración Local en Galicia presenta superávit, con 1.774 millóns de euros no apartado de ingresos fronte ós 1.705 millóns de euros nos gastos. Este superávit se presenta tanto nos concellos (con 1.395 millóns de euros de ingresos e 1.365 millóns de euros de gastos) como nas Deputacións (380 millóns de euros de ingresos e 340 millóns de euros de gastos).

---

### **Para máis información:**

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>  
e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)